

Resolución da Dirección da Axencia Galega de Innovación pola que se nomean os membros das comisións avaliadoras da actividade investigadora do persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (programa Oportunius-código do procedemento: IN857A)

Aos efectos do disposto no artigo 3.3 da Orde do 29 de agosto de 2018 pola que se desenvolve o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius).

RESOLVO

Nomear como membros das comisións avaliadoras da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido no marco do Programa Oportunius, ás seguintes persoas:

1.- No dominio ERC de Ciencias Humanas e Sociais (Resolución da Axencia Galega de Innovación de 11 de novembro de 2020, DOG núm. 235 do 20 de novembro) ás seguintes persoas:

Presidencia:

Salvador Palazón Fernando. Catedrático da Universidade de Alicante.
Departamento de Xeografía Humana.



Vogais:

Luis Manuel Ayuso Sánchez. Catedrático da Universidade de Málaga. Departamento de Socioloxía.

Celeste Jiménez de Madariaga. Catedrática da Universidade de Huelva. Departamento: Historia, Xeografía e Antropoloxía.

Secretaria: María José Mariño Fontenla, directora da Área de Talento e Transferencia da Axencia Galega de Innovación.

2.- No dominio ERC de Neurociencias (Resolución da Axencia Galega de Innovación de 11 de novembro de 2020, DOG núm. 235 do 20 de novembro) ás seguintes persoas:

Presidencia:

Xosé R. García Bustelo. Científico titular. Profesor de investigación do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)-Salamanca.

Vogais:

Antonio Pineda Lucena. Director científico do Cima Universidade de Navarra. Director do Programa de Innovación Terapéutica. Investigador principal do grupo de Química Médica.

Juan Francisco Madrid Cuevas. Catedrático da Universidade de Murcia. Departamento de Bioloxía Celular e Histoloxía.

Secretaria: María José Mariño Fontenla, directora da Área de Talento e Transferencia da Axencia Galega de Innovación.



3.- No dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (Resolución da Axencia Galega de Innovación de 15 de xuño de 2021, DOG núm. 121 do 28 de xuño) ás seguintes persoas:

Presidencia:

Carlos Seoane Prado. Catedrático da Universidade Complutense de Madrid. Departamento de Química Orgánica.

Vogais:

Mary Luz López Rodríguez. Catedrática da Universidade Complutense de Madrid. Departamento de Química Médica.

Mar Martínez-Fontecha Corrales. Investigadora da Universidade Complutense de Madrid. Departamento de Química Orgánica.

Secretaria: María José Mariño Fontenla, directora da Área de Talento e Transferencia da Axencia Galega de Innovación.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que consta na marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

